

Ti + Eu +Eles = Identidade

contextualización de obra

Identidade como construción de individuos, a subxectividade, a modificación de aspectos físicos xerados por outros psicolóxicos, o corpo e o rostro como máscaras e roles identificadores, os velos existentes entre o privado e o público, a realidade feminina en diálogo coa masculina, os contextos sociais e culturais...; todos eles constitúenos, son a esencia das nosas existencias e os eixos a través dos cales nos articulamos e relacionamos co mundo. Son as nosas múltiples identidades.

En todos eles céntrase as miñas obras e estas intentan afondar nas miñas particularidades, nas miñas profundidades como muller e como ser humano, servíndome como medios condutores de emoción e canalizando todas esas cuestións que me conforman, dende o meu interior cara o exterior. Para elo apóiome na representación e presentación do corpo, intentando facer participe ó espectador das cuestións que afectan a miña existencia, sempre en relación coa súa.

Estimo que a constitución do mundo subtráese da mirada do Outro, producíndose así unha nova relación co corpo, dividíndose este entre superficie e secreto, entre o que se ve e o que se oculta, e residindo na suma desas miradas unha única identidade que non é máis que o resultado dunha multitude delas.

A autobiografía e as novas vivencias, é dicir, a propia historia de cada un, as relacións cos demais, a memoria, a orixe, o contexto...; ciméntannos, eríxenos como meras unidades que compoñen un todo global, é dicir, un Eu cun lugar no mundo en relación co "Ti" e o "Eles". Eu non creo na xeneralización e destaco o particular por riba de todo. Acentúo a miña posición, a miña figura existencial, e por iso é a miña persoa o centro sobre o que xira todo o meu traballo. Ó meu sentimento o medio a través do cal me expreso, no que mostro a miña verdadeira identidade, o que se escapa en certa medida á globalizadora razón, aínda que ela tamén está sempre presente.

A artista